



Convocatoria de proxectos de formación do profesorado de formación profesional que se van implantar no curso 2019-2020 en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, destaca entre os factores que favorecen a calidade do ensino e aos que se lles prestará unha atención prioritaria a cualificación e a formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa. O artigo 102 recoñece a formación como un dereito e unha obriga de todo o profesorado, e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Nesta mesma lei, considérase que a autonomía dos centros é un pilar para a mellora dos seus resultados, polo que establece que cada centro debe ter a capacidade de identificar as súas fortalezas e necesidades para enriquecer a súa oferta educativa e metodolóxica. É nos centros onde xorde a necesidade de formación, polo que constitúen un escenario idóneo para desenvolver esta modalidade formativa.

Os proxectos de formación do profesorado de formación profesional favorecen e estimulan o traballo en equipo e propician a inquietude de innovación entre iguais. O seu desenvolvemento repercute na mellora conxunta da práctica docente e na actualización científico-tecnolóxica.

O profesorado de formación profesional ten necesidades formativas específicas derivadas de aspectos como a especialidade docente á que pertenza, o nivel de coñecementos previos ou o coñecemento do sector produtivo. É por isto que cómpre planificar actividades que respondan a estas necesidades e atender as demandas de formación do profesorado.

Nesta convocatoria establécense como liñas prioritarias a de innovación científico-tecnolóxica e a de innovación didáctica, co obxectivo, entre outros, de facilitar a formación e a planificación precisas para poder elaborar os proxectos de innovación obxecto das convocatorias de premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación no ámbito da formación profesional.

O traballo nalguna destas liñas relaciónase ademais co seguinte obxectivo común formulado polos países da UE no marco estratéxico de educación e formación para 2020: incrementar a creatividade e a innovación, incluído o espírito empresarial, en todos os niveis da educación e da formación.

Esta capacidade creativa e innovadora que se fomenta na formación profesional reforzará o vínculo entre a empresa, o alumnado que se incorpore ao sector produtivo da zona e o sistema educativo. Cómpre que as empresas da contorna poidan participar de xeito activo na planificación da formación do profesorado para que o sistema educativo poida así atender ás necesidades dos diferentes sectores do tecido produtivo.

En consecuencia, co fin de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública esta convocatoria consonte as presentes bases.





1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar proxectos de formación do profesorado de formación profesional que se van implantar no curso 2019-2020 en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Os proxectos poden ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, e polo Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

2. Profesorado destinatario

Poderá participar nesta convocatoria o profesorado que teña atribución docente nas ensinanzas de formación profesional ou que exerza a xefatura dos departamentos de Orientación ou de Información e Orientación Profesional, e que estea destinado nalgún centro público dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Tamén poderá participar o profesorado destinado noutros centros públicos, sempre que forme parte do cadro de persoal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e teña atribución docente nas ensinanzas de formación profesional. Neste caso, a coordinación do proxecto recaerá nun centro público dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3. Finalidade dos proxectos de formación en centros

Os proxectos de formación terán como finalidade dar cobertura formativa ao profesorado con inquedanzas investigadoras e innovadoras para favorecer a inserción laboral do alumnado a través de propostas de mellora dirixidas ao sector produtivo ou á aula, ademais de permitir a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais dos/das docentes para mellorar a calidade da educación, así como as competencias profesionais do alumnado.

4. Liñas de traballo dos proxectos de formación

1. As liñas de traballo prioritarias serán as seguintes:

a) Innovación tecnolóxica e científica. Terá como obxectivo achegar os centros ao sector produtivo, colaborando na mellora dos procesos, produtos, recursos, medios de produción e/ou servizos.

b) Innovación didáctica. Tratará de que o/a docente mellore o seu dominio da didáctica específica dos módulos que imparte, así como como das metodoloxías innovadoras que lle faciliten ao alumnado a adquisición das competencias profesionais do correspondente ciclo formativo, mediante a creación de recursos didácticos que se xustifiquen como innovadores (prototipos ou simuladores, laboratorios de prácticas ou maquetas, etc.).





2. Ademais, os proxectos de formación poderán tratar algunha das seguintes liñas:

a) Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial. Esta liña de traballo trata de mellorar a programación, o seguimento e a avaliación da aprendizaxe do alumnado mediante o deseño de instrumentos adecuados aos criterios establecidos nos currículos dos ciclos formativos que se ofrezan nos centros de destino do profesorado participante. Tamén se poderán planificar os procesos de ensino e aprendizaxe en termos de competencias profesionais aplicadas a contextos reais, ou realizar a análise dos elementos curriculares e a súa adaptación ao contexto socioproductivo do centro e do alumnado.

b) Orientación profesional, xestión do talento e emprendemento. O obxectivo desta liña é a mellora da formación do profesorado nestes eidos, para a mellora da orientación profesional do alumnado, atendendo a dous ámbitos:

1º. Procurar estratexias ou deseñar recursos e medios que, xestionando o talento a partir da análise das habilidades, das inquiredanzas e dos intereses do alumnado, melloren a súa orientación na elección do itinerario formativo máis axeitado para a mellora de súa competencia profesional. Mediante este enfoque trátase de favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

2º. Favorecer o achegamento do alumnado ao mundo laboral e ao emprendemento, elaborando materiais e/ou deseñando actividades, eventos ou calquera outra acción que desde a aula fomenten a adquisición (ademais das competencias profesionais) de habilidades e competencias relacionadas coa empregabilidade que faciliten o tránsito do alumnado do sistema educativo ao mundo laboral.

c) Plurilingüismo na formación profesional. Esta liña trata de perfeccionar a competencia lingüística do profesorado nas metodoloxías específicas para a aplicación dos programas de ensino plurilingüe, multiplicando así as oportunidades de éxito e de inserción laboral do alumnado.

d) Atención á diversidade, convivencia, equidade e igualdade de xénero nas ensinanzas de formación profesional. Ao abeiro desta liña de traballo, o profesorado poderá mellorar a súa competencia nestes eidos deseñando actividades e actuacións dirixidas á superación de crenzas sexistas nos ámbitos educativo e laboral co fin de, con carácter xeral, equilibrar a proporción de alumnado feminino e masculino nos ciclos formativos máis susceptibles de infrarrepresentación por sexos e, en particular, fomentar o acceso da muller aos perfís profesionais STEAM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría, creatividade e matemáticas) e ás actividades industriais.

e) Organización e xestión. Asociados a esta liña poderanse presentar proxectos que pretendan unha mellora do contorno de traballo implantando sistemas e metodoloxías de xestión de calidade orientados á organización dos lugares de traballo acordes a situacións empresariais actuais, á mellora dos procesos de orde e limpeza nos contornos de traballo, á promoción de medidas de seguridade e de prevención de riscos profesionais ou ao deseño de espazos e equipamentos adaptados ás novas realidades dos procesos de produción e á industria 4.0, entre outros.





f) Actualización científica e didáctica do profesorado de formación profesional. Esta liña pretende promover a formación e a actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica dos equipos docentes a través do traballo colaborativo e do fomento da súa autonomía. Ademais, poderá favorecer o traballo cooperativo entre o profesorado con ampla experiencia e o de nova incorporación ao sistema educativo, así como preparar o profesorado para participar na convocatoria de estadias en empresa.

5. Duración dos proxectos

Os proxectos de formación terán unha duración mínima de oito horas e poderán desenvolverse desde o momento da súa autorización ata o 29 de maio de 2020.

6. Características dos proxectos de formación

1. Os proxectos de formación deberán estar asociados a unha ou a máis liñas de traballo.
2. Cada centro poderá participar nun ou en varios proxectos de formación.
3. Varios centros con necesidades comúns poderán participar presentando un proxecto de formación conxunto. Neste caso, un dos centros actuará como centro sede, e será necesario contar co compromiso formal de participación no proxecto por parte dos/das directores/as de todos os centros participantes.
4. Cada proxecto de formación deberá contar cunha persoa coordinadora. Se varios centros presentan un proxecto conxunto, a persoa coordinadora deberá pertencer ao centro sede.
5. Os proxectos contarán cun mínimo de catro participantes.
6. Os proxectos de formación poderán incluír docencia impartida por participantes no propio proxecto ou por persoas alleas a el.
7. Os proxectos deberán estar secuenciados para que, partindo da situación inicial determinada polo centro, sexa posible alcanzar os obxectivos finais previstos. Deberán estar integrados nun proceso que inclúa a análise e a elaboración de propostas didácticas e a súa aplicación á aula ou ao centro, así como a reflexión e a avaliación dos resultados. No deseño do proxecto de formación dun centro poderán participar empresas ou asociacións de empresarios/as.
8. Os proxectos que se organicen ao abeiro desta convocatoria non poderán interferir coas actividades lectivas establecidas no horario do profesorado.

7. Solitude, documentación e prazos

O procedemento de solitude desenvolverase en dúas fases:

1ª fase: Nesta primeira fase a persoa coordinadora do proxecto iniciará o procedemento de solitude accedendo, ata o 14 de outubro, á pestana “Convocatorias” da aplicación informática FProfe, seleccionando a opción “PFFP” e cubrindo os datos alí requiridos.

2ª fase: Logo de iniciado o procedemento de solitude, o asesor ou a asesora de formación profesional do centro de formación e recursos (CFR) ou do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) correspondente poranse en contacto coa persoa que coordine o proxecto, co fin de ofrecer orientación e asesoramento no





deseño das actividades do proxecto, así como na elaboración da documentación requirida.

Nesta segunda fase do procedemento, a persoa coordinadora deberá elaborar un proxecto en FProfe seguindo o modelo dispoñible na aplicación. A este proxecto deberásele xuntar, na epígrafe “Soporte informático do proxecto”, os seguintes anexos desta convocatoria:

- a. Anexo I: análise das necesidades de formación detectadas, liñas de traballo que desenvolverá o proxecto, de entre as que se relacionan no punto 4 desta resolución, e orzamento detallado para a realización do proxecto, segundo o establecido no seguinte punto desta resolución.
- b. Anexo II: compromiso formal de participación do/da director/a do centro educativo, incluíndo a autorización para participar do profesorado implicado do seu centro. No caso de que varios centros presenten un proxecto de formación conxunto, o compromiso formal de participación dos/das directores/as de todos os centros que colaboran no proxecto, incluíndo a autorización para participar do profesorado implicado en cada centro.
- c. De ser o caso, anexo III: certificación do/da director/a do centro coordinador onde se estableza a necesidade de formación vinculada a unha convocatoria de premios de innovación. A convocatoria de premios de innovación pode ser previa ou simultánea á presente convocatoria de proxectos de formación.

Para finalizar este procedemento de solicitude, a persoa coordinadora do proxecto deberá presentar, antes do día 29 de outubro, a seguinte documentación:

- a. Modelo de solicitude xerado a través da aplicación informática FProfe.
- b. Anexos I, II, e de ser o caso, III desta convocatoria.

Unha copia desta documentación deberá presentarse en soporte impreso e debidamente selada e asinada no rexistro do CFR/CAFI correspondente ao ámbito do centro sede. Ademais, deberalle remitir outra copia por correo electrónico ao asesor ou á asesora de formación profesional do CFR/CAFI correspondente, para que se teña en conta para os efectos de data de presentación da solicitude.

8. Orzamento

1. Cada proxecto poderá contar, para o seu desenvolvemento, cun orzamento consonte os seguintes conceptos:
 - a. Docencia, se a houber, de persoas expertas externas ao proxecto e non destinadas no propio centro coordinador ou, no caso de presentar un proxecto conxunto entre varios centros, en ningún dos centros participantes.
 - b. Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención de persoas relatoras, cando cumpra para o desenvolvemento dalgunha das actividades propostas.
 - c. Gastos de desprazamento das persoas participantes para a asistencia ás actividades que non poidan desenvolverse en ningún dos centros participantes do proxecto.





- d. Alugamento de espazos e do equipamento necesario para o desenvolvemento do proxecto.
- e. Material ofimático e bibliográfico.
- f. Material funxible.
- g. Gastos de difusión do proxecto.

O orzamento do proxecto non poderá incluír gastos relativos á adquisición de licenzas de software.

- 2. A comisión de selección e avaliación poderá solicitar os informes necesarios para verificar a adecuación das contías solicitadas aos obxectivos propostos, así como conceder un importe inferior ao solicitado.
- 3. A aprobación dos proxectos de formación e dos seus orzamentos estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria do plan de formación do profesorado de Formación Profesional da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

9. Comisión de selección e avaliación dos proxectos

Os proxectos de formación serán valorados e avaliados mediante unha comisión coa seguinte composición:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.
- A persoa titular do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.
- A persoa titular do Servizo de Formación do Profesorado.
- Un membro da Inspección Educativa.
- Un/unha asesor/a de formación profesional pertencente aos servizos centrais da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Un/unha funcionario/a da consellería, que actuará con voz pero sen voto.

Funcións da comisión de selección e avaliación:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e os criterios establecidos nesta convocatoria.
- Autorizar o orzamento do que disporá cada proxecto.
- Autorizar a duración de cada proxecto e as horas de formación que o conforman.
- Resolver sobre a continuidade dos proxectos dos que, a partir do seu seguimento, se deduza que non se axusten ás condicións de aprobación.
- Avaliar e propor a certificación da formación do profesorado participante.

Esta comisión rexerase polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xullo, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Para a selección e a aprobación, por parte da comisión de selección e avaliación, dos proxectos presentados, os/as asesores/as de formación profesional dos CFR/CAFI correspondentes elaborarán un informe baseado nos criterios de valoración recollidos no seguinte punto.





10. Criterios de valoración

Para a valoración dos proxectos, a comisión de selección tomará en consideración os seguintes criterios:

- a) Viabilidade e coherencia do proxecto de formación, tendo en conta a xustificación do proxecto en relación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación dalgún ciclo formativo que se ofrezca nos centros participantes, os obxectivos e os contidos propostos, a metodoloxía utilizada, a distribución temporal e a organización dos recursos humanos e materiais en relación aos obxectivos que se pretenda acadar, e a avaliación do proxecto: ata 5 puntos.
- b) Grao de adecuación do orzamento solicitado cos resultados que se pretende acadar: ata 2 puntos
- c) Se o proxecto solicitado está vinculado a unha convocatoria de premios de innovación, grao de adecuación da formación asociada ao proxecto en relación á convocatoria de premios (a convocatoria de premios de innovación pode ser previa ou simultánea á presente convocatoria de proxectos de formación): 1 punto.
- d) Se o proxecto solicitado constitúe a ampliación ou a continuidade dun proxecto avaliado favorablemente na convocatoria anterior de proxectos de formación do profesorado de formación profesional: 1 puntos.
- e) Grao de adecuación ás liñas de traballo: ata 3 puntos.
 - Liñas prioritarias: ata 2 puntos.
 - Outras liñas: ata 1 punto.

Para que un proxecto poida ser aprobado pola comisión de selección debe ter unha valoración mínima de 5 puntos.

11. Resolución

1. A comisión de selección e avaliación, logo de valorados os proxectos presentados, publicará de resolución provisional, que se publicará nos portais educativos www.edu.xunta.es e www.edu.xunta.es/fp.
2. A partir da publicación da resolución provisional, e no prazo de tres días a partir do día seguinte ao da súa publicación, poderase interpor reclamación ou renuncia ante a presidencia da comisión de selección de proxectos de formación. Transcorrido este prazo, estudadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora enviaralle a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen resolverá a relación definitiva dos proxectos de formación seleccionados.
3. A resolución definitiva dos proxectos de formación seleccionados publicaranse nos portais educativos www.edu.xunta.es e www.edu.xunta.es/fp. Contra a dita resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. Logo da publicación da resolución definitiva da comisión de selección, os CFR correspondentes ou CAFI darán de alta as actividades na aplicación FProfe.





5. Tras facerse efectiva a alta dos proxectos de formación, os CFR ou CAFI correspondentes comunicarán o código de alta de cada proxecto de formación aos/as coordinadores/as destes.

12. Coordinación e asesoramento

1. A persoa coordinadora do proxecto será responsable do seu desenvolvemento. Xa que logo, correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:
 - a. Organizar o traballo do grupo.
 - b. Convocar e dirixir as reunións do grupo.
 - c. Comprobar a asistencia dos/das participantes ás reunións. Para tal efecto, redactará as actas das reunións de traballo que se realicen no desenvolvemento do proxecto.
 - d. Coordinar a elaboración dos materiais e a autoavaliación do proxecto.
 - e. Colaborar na xestión económica.
 - f. Presentar a memoria final.
2. O/a asesor/a do CFR/CAFI responsable de cada proxecto ofrecerá apoio e asesoramento no deseño e no desenvolvemento do proxecto, e poderá asistir ás sesións de traballo do grupo que considere oportuno.

13. Seguimento

Durante o desenvolvemento dos proxectos, os/as asesores/as de formación profesional dos CFR/CAFI correspondentes realizarán un seguimento, tendo en conta o grao de consecución dos obxectivos establecidos en cada proxecto, e notificaranlle á comisión de selección e avaliación as incidencias que puidesen afectar significativamente os seus obxectivos.

No caso de que a avaliación do seguimento do proxecto por parte da comisión de selección e avaliación sexa negativa, esta poderá suspender a execución do proxecto.

14. Memoria final

1. Logo de finalizado o proxecto, o/a seu/súa coordinador/a elaborará a memoria final, seguindo o modelo dispoñible na aplicación FProfe. A memoria debe analizar e valorar o desenvolvemento do proxecto, segundo os puntos que o integran ou o caracterizan, así como as evidencias e a valoración da súa aplicación e, de ser o caso, do impacto na aula, no centro e/ou no sector produtivo das actuacións desenvolvidas.
Na epígrafe “Soporte informático da memoria”, deberase xuntar:
 - a. O material, en formato editable, xerado no desenvolvemento do proxecto, segundo corresponda cos seus obxectivos, formado por algún ou por unha combinación de varios dos seguintes:
 - Actividade de aplicación directa na aula acorde á duración do proxecto.
O asesor ou a asesora responsables de cada proxecto facilitaranlles aos/as coordinadores/as dos proxectos o modelo que se deberá seguir na elaboración da actividade de aplicación directa á aula.
 - Plan de actuación para implantar nas aulas ou no centro.





- Anteproxecto de innovación relacionado con algunhas das liñas de traballo, que determine o seu alcance, os estudos ou as investigacións previas, a análise de necesidades do sector, etc.
- b. Acta final, xerada na aplicación FProfe, asinada polo/a coordinador/a, co visto e praxe da xefatura de estudos e o selo do centro. Esta acta deberá incluír as sinaturas do profesorado participante.
- c. Folla de sinaturas de cada sesión de traballo xerada desde a aplicación Fprofe.
- d. Declaración responsable, consonte ao anexo IV, de posuír, como autores/as, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados, e de que estes non estean comercializados, ou ben de que están baixo dominio público ou licenzas de cultura libre. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto do proxecto. No caso de que se inclúan imaxes de terceiros, estes deberán outorgar permiso de cesión do seu uso, en aplicación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de persoas e garantía dos dereitos dixitais. No caso de menores de 14 anos achegaranse as correspondentes autorizacións de pais, nais ou persoas responsables da súa tutoría legal, en soporte impreso e electrónico (pdf), debidamente cubertas e asinadas.

O tamaño do documento non debe exceder os 20 MB.

2. A memoria final xerada desde a aplicación (e o seu material anexo) deberá presentarse antes do día 20 de xuño, en soporte impreso, debidamente selada e asinada, no rexistro do CFR/CAFI correspondente ao ámbito do centro sede. Así mesmo, esta documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de proceder ao envío nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa selada polo/pola funcionario/a de Correos antes de ser certificada.
3. A persoa coordinadora do proxecto remitiralle, por correo electrónico, unha copia desta documentación ao asesor ou á asesora de formación profesional do CFR/CAFI correspondente.

15. Avaliación

A avaliación de cada proxecto será competencia da comisión de selección e avaliación.

As persoas asesoras dos CFR/CAFI correspondentes remitiranlle á comisión de selección e avaliación, por cada proxecto, un informe relativo ao desenvolvemento do proxecto baseado nos criterios de avaliación recollidos nesta convocatoria.





16. Certificación

1. A comisión de seguimento e avaliación, logo de avaliados os proxectos, publicará nos portais educativos www.edu.xunta.gal e www.edu.xunta.gal/fp a resolución de avaliación na que constarán, por cada proxecto de formación, as horas que cumpra certificar.
2. A comisión poderá propor a certificación por un número de horas menor ao autorizado, para o que terá en conta o seguimento e a avaliación do proxecto e a súa duración.
3. A persoa coordinadora do proxecto poderá recibir, adicionalmente, unha certificación como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de dúas horas de formación permanente do profesorado por cada 10 horas de duración do proxecto.
A comisión poderá propor a certificación por un número de horas menor, para o que terá en conta o seguimento e a avaliación do proxecto.
4. Se unha persoa participante no proxecto de formación actúa tamén como relator/a, poderá certificar a súa participación como asistente e relator/a sempre que a segunda non supere o 15 % das horas totais.
5. No caso de que profesorado con destino nalgúns dos centros participantes nun proxecto de formación ou persoal asesor da rede de formación actúe tamén como relator/a, poderá recibir a correspondente certificación, axustada á normativa.
6. Non se certificarán máis de 100 horas de formación por curso académico e profesor/a participante nos proxectos de formación.
7. No suposto de se produciren baixas e non alcanzarse o número de catro participantes, o proxecto terá que suspenderse e non dará lugar á certificación de ningún dos seus integrantes.
8. Logo de publicada a resolución de avaliación, a dirección do correspondente CFR/CAFI expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto.
Neste certificado deberá constar o número de horas proposto pola comisión de selección na resolución de avaliación.

17. Xestión económica

1. O importe asignado a cada proxecto será transferido ao centro sede do proxecto.
2. No caso de que varios centros presenten un proxecto de formación conxunto, o centro sede será o encargado de lles transferir ao resto de centros educativos participantes a contía que lles corresponda. No caso de que o importe asignado ao proxecto sexa inferior ao orzamento, as contías indicadas no orzamento para cada un dos centros educativos participantes veríanse reducidas na mesma porcentaxe.
3. O importe autorizado para cada proxecto será transferido aos centros educativos en dous pagamentos coas seguintes porcentaxes: o 60 % do orzamento no momento da súa aprobación e o 40 % á finalización do proxecto.
4. Os centros xustificarán os pagamentos do importe do proxecto de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo (DOG do 4 de abril), polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios. O importe dos proxectos terá a consideración de





partida finalista e, xa que logo, requirirá unha xustificación individual, de xeito que se farán constar os ingresos e os gastos.

18. Difusión dos traballos.

Os materiais elaborados mediante esta convocatoria serán propiedade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que poderá difundir os traballos e as experiencias realizadas a través do portal educativo, os seus sitios temáticos ou o repositorio de contidos do espazo Abalar.

Os centros seleccionados comprométense a participar nas accións de difusión de boas prácticas que organice a consellería.

Os materiais e as experiencias publicados estarán suxeitos á licenza Creative Commons by-nc-sa.

	Recoñecemento - Non comercial - Compartir igual (by-nc-sa/3.0/es): Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, cuxa distribución debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.
---	---

O centro pode publicar os traballos realizados que a consellería non difundise, sempre que llo comunique á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a través da dirección do CAFI ou do CFR da súa zona e facendo constar na publicación que o traballo se desenvolveu con subvención da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e incluíndo o logotipo. A dita publicación debe realizarse mediante unha licenza Creative Commons by-nc-sa.

19. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.
3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.
4. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.





5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso as relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

